

Aprender a investigar ou ALFIN

Introdución

Esta materia de libre configuración para os cursos **4º Primaria** é unha proposta que se lles ofrece aos centros co fin de facilitar o tratamento, de forma intensiva ao longo dun curso escolar, dos contidos que constitúen a cerna da denominada competencia informacional. Esta competencia aparece supeditada, na vixente normativa, á competencia dixital, e involucra un complexo grupo de destrezas, coñecementos e actitudes imprescindibles para se desenvolver na sociedade da información e, a unha escala máis próxima, nas prácticas académicas máis comúns.

A estratexia da UNESCO no seu documento "Alfabetización mediática e informacional: currículo para profesores" (2011) é reunir dous ámbitos tradicionalmente separados, o mediático e o informacional, como un conxunto combinado de competencias (coñecementos, habilidades e actitudes) necesarias para a vida e o traballo de hoxe. A alfabetización mediática e informacional (AMI) abrangue toda a tipoloxía de medios de comunicación e outros provedores de información, como bibliotecas, arquivos, museos e internet, independentemente das tecnoloxías empregadas. Pola súa banda, para a IFLA ("International Federation of Library Associations and Institutions") nas súas recomendacións sobre alfabetización informacional e mediática de 2013, esta competencia engloba o coñecemento, as actitudes e a suma de habilidades necesarias para saber cando e que información é necesaria, onde e como obter esa información, como avaliala criticamente e organizala logo de atopala, e como usala de xeito ético. O concepto esténdese alén das tecnoloxías da información e da comunicación, abranguendo a aprendizaxe, o pensamento crítico e as destrezas de comprensión que cubran e superen as fronteiras profesionais e educativas. Inclúe, ademais, todos os tipos de fontes: orais, impresas e dixitais. A complexidade desta competencia que, segundo a UNESCO, está conformada por tres alfabetizacións básicas (informacional, mediática e dixital), aconsella un tratamento exhaustivo ao longo dos períodos educativos obrigatorios e postobrigatorios, así como nos estudos universitarios e na educación non regrada (coa implicación do sector bibliotecario da rede de lectura pública). Pola súa parte, a Comisión Europea, no seu Marco Común de Referencia para as Competencias Dixitais (DigCOMP), publicado en 2013, recolle cinco áreas competenciais das que dependen vinte e cinco competencias. As competencias informacionais e mediáticas están plenamente integradas neste documento de referencia.

) Malia algunhas materias do currículo recollen contidos relacionados coa procura e o tratamento de información, existe a necesidade de intervir de xeito decidido para que todos os alumnos e todas as alumnas desenvolvan habilidades, coñecementos e actitudes en relación coa información en distinto tipo de textos informativos e en diferentes soportes e formatos, e poidan abordar a realización de pequenos traballos de investigación de carácter individual ou en grupo, cun mínimo de eficacia.

O desenvolvemento dos contidos que se propoñen está ligado á biblioteca escolar do centro desde o momento en que esta, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, se constitúe como ferramenta esencial para o desenvolvemento de competencias clave ás que contribúe esta materia. A biblioteca é o espazo educativo natural para o traballo coa información, xa que ofrece oportunidades de aprendizaxe con recursos impresos e dixitais, presentes ou accesibles a través da rede. A biblioteca, por outra parte, ten unha presenza líquida nos centros, na medida en que os seus recursos dixitais, e mesmo físicos, poden estar accesibles en todos os recunchos do centro, e na medida tamén en que o seu papel fundamental é o de apoiar os programas e os proxectos de centro, así como ao desenvolvemento do currículo.

Propóñense cinco bloques: o primeiro deles, "A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital", supón un achegamento á biblioteca escolar do centro (e a outras bibliotecas) e ás súas posibilidades para acceder a textos informativos de diversa índole, cunha primeira aproximación á tipoloxía de fontes que se poden consultar e á maneira de facelo de xeito eficaz e con recoñecemento dos dereitos de autoría. Un segundo bloque, "Fontes informativas. Localización e selección", procura afondar nas estratexias de procura de información en fontes impresas ou dixitais, e en documentos de formato e contido diverso, con atención ás características de internet como medio de información. O terceiro bloque, "Organizarse para investigar", revisa os primeiros pasos da elaboración dun traballo de investigación, nos que a planificación, a formulación de preguntas e a recuperación dos coñecementos previos son esenciais. O cuarto bloque, "Procura e tratamento da información", afonda na necesidade de análise e valoración da información que se recolle, así como na compilación das fontes consultadas para o seu recoñecemento posterior. Un quinto bloque, "Xeración de contidos e comunicación", aborda a reelaboración da información, un pro-

ceso no que cómpre sintetizar e estruturar a información, e personalizar en produtos orixinais, impresos, audiovisuais ou dixitais o coñecemento adquirido para unha comunicación eficaz. (

Esta materia non se pode abordar de xeito lineal nin teórico. Non se trata de desenvolver os bloques como compartimentos estancos ou propostas diferenciadas. Pola contra, o desenvolvemento da competencia informacional require o deseño de situacións contextualizadas que obriguen á resolución dun problema ou á realización dun produto, textual ou audiovisual, como resposta a unha necesidade de información. A metodoloxía de proxectos resulta a máis acaída para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar. Os traballos de investigación de carácter interdisciplinar, que responden á metodoloxía de proxectos ou problemas, enfrontan o alumnado a situacións de contacto coa información para as que debe desenvolver coñecementos, habilidades e actitudes complexas. Traballar neste tipo de proxectos axudaralles non só a adquirir habilidades de uso, tratamento e produción de información: permitiralles construír o seu coñecemento e adquirir competencia de aprender a aprender, entre outras. É por isto que se recomenda o tratamento dos contidos propostos a partir dun tópico, un problema ou a necesidade de coñecer, comprender e comunicar as súas descubertas, sobre unha situación do seu contexto máis próximo ou doutras realidades ás que pode acceder o alumnado. O proceso de xestión da información (procura, recuperación, análise, tratamento, comunicación e aplicación) pode alcanzar diferentes niveis de complexidade que deberán adaptarse á situación informativa que se deseñe e ao nivel competencial do alumnado.

O desenvolvemento curricular desta materia recolle criterios e estándares de avaliación que responden a varias competencias clave do actual currículo. A competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital, a competencia de aprender a aprender e o sentido de iniciativa e espírito emprendedor son as máis beneficiadas. Pero tamén axuda a desenvolver as competencias sociais e cívicas, e a de conciencia e expresións culturais. De todos os modos, un tratamento interdisciplinar destes contidos, tal e como se propón, beneficiará a adquisición de todas e as competencias clave.

Aprender a investigar 4º de Primaria				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital				
- a - b - e - h	B1.1. A biblioteca como espazo de acceso á información	B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.	Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.	- CCL - CD - CAA - CSIEE - CCEC
			Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.	- CCL - CD - CAA
- a - b - i - h - j	B1.2. As bibliotecas como espazos culturais.	B1.2. Identificar a biblioteca do centro e outras bibliotecas do contorno máis próximo, como espazos culturais dispoñibles á hora de cubrir as necesidades de lectura e de información.	Utiliza a Biblioteca municipal e coñece as súas normas de funcionamento, así como outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.	CSC
- b - i - j	B1.3. Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais.	B1.3. Recoñecer e diferenciar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.	Identificar as distintas formas en que pode aparecer a información.	- CD - CAA - CSIEE
			Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.	- CCL - CAA
			Propón a fonte máis axeitada para dar resposta a unha necesidade informativa concreta	- CSIEE - CAA
- b - e - i	B1.4. Estratexias de procura eficaz en documentos impresos	Utilizar estratexias para a procura de recursos impresos.	- Recoñece e relaciona as cores da CDU coas materias e memoriza aqueles de uso máis frecuente. - Utiliza de forma automática o Catálogo para conceptos básicos: autor, título, materia, colección. - Identifica o tema dun libro a partir do sumario (documento impreso)	- CCL - CAA

Aprender a investigar 4º de Primaria				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			• Manexa índices analíticos e glosarios. • Localiza información nos atlas , utilizando o índice. • Manexa axeitadamente obras de referencia: enciclopedias.	
• b • e • i	• B1.4. Estratexias de procura eficaz en documentos dixitais.	• B1.4. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais.	• Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.	• CCL • CAA
• a • j	• B1.5. Dereitos de autoría.	• B1.5. Recoñecer os dereitos de autoría.	• Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes. • Recoñece e cita as mención de autor/a, ilustrador/a, editor/al... e as distintas fontes de información utilizadas	• CSC • CAA
Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección				
• b • G • h	• B2.1. Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca.	• B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado.	• Localiza nun plano da BE as diferentes zonas de traballo, e de colocación do material. • Recoñecer a información que aporta o tejuelo a etiqueta • Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos e os relaciona cos temas e propostas de traballo requiridas.	• CCL • CAA
			• Recupera e localiza nos andeis da biblioteca facilmente os documentos que precisa.	• CAA • CSIEE
• b • e • g	• B2.2. Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar.	• B2.2. Comprender e saber utilizar o catálogo informatizado da súa biblioteca, nos campos de materia, autor/a, editorial e colección. •	• Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.	• CAA • CD • CSIEE
• b • e • g	• B2.4. Recursos dixitais. Internet como fonte de información.	• B2.4. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet.	• Consulta documentos en internet , previamente seleccionados polo profesorado, que apoién a súa aprendizaxe,.	• CD
• b • e	• B2.5. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Moto-	• B2.5. Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de infor-	• Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.	• CD • CAA

Aprender a investigar 4º de Primaria				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	res de procura.	mación e uso de motores de procura diversificados.		
• b • e • g	• B2.6. Espazos web como plataformas de comunicación e información.	• B2.6. Coñecer os espazos web creados na aula, na biblioteca e no centro, e participar neles.	• Aporta textos,e información nas webs creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa,etc,... e baixo a supervisión do profesorado et.	• CD • CSC • CSIEE
• b • g	• B2.9. Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wiikipedia, etc.	• B2.9. Valorar as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.	• Emprega as creacións colectivas en internet: Wikiped- dia, Galipedia, , etc.	• CD • CSC
• b • e • g	• B2.10. Valoración da información recollida na rede.	• B2.10. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes.	• Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.	• CCL • CD • CAA
Bloque 3. Organizarse para investigar				
• b • g	• B3.1. Procesos de investigación.	• B3.1. Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación	• Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	• CAA • CSIEE
• a • b	• B3.3. Traballo en grupo.	• B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.	• Escolita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.	• CCL • CAA • CSC
			• Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.	• CAA • CSC
• b •	• B3.4. Preparación da procura informativa.	• B3.4. Identificar o tema para investigar e os aspectos clave.	• Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.	• CCL • CAA
Bloque 4. Procura e tratamento da información				
• b • g	• B4.1. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	• B4.1. Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa.	• Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	• CCL • CD • CAA
			• Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.	• CCL • CD • CAA

Aprender a investigar 4º de Primaria				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• e	• B4.2. Análise e comprensión da información atopada.	• B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía previamente seleccionados polo profesorado.	• Comprende de forma global e sabe extraer as ideas principais.	• CCL • CD • CAA
• b • g	• B4.3. Interpretación e valoración da información atopada.	• B4.3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, caducidade, inmediatez, etc.	• Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (autoría e autoridade, actualidade da información).	• CCL • CD • CAA
• b • g	• B4.4. Proceso da información: extracción e síntese.	• B4.4. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada.	• Sintetiza de forma guiada a información atopada en función dos obxectivos do traballo, .	• CCL • CD • CAA
• a • b • g	• B4.5. Citas e referencias.	• B4.5. Recoller as fontes consultadas para os efectos de citalas correctamente no produto final.	• Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.	• CCL • CD • CAA • CSC • CCEC
Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación				
• b • g	• B5.1. Organización e reelaboración da información.	• B5.1. Organizar a información recuperada de distintas fontes, xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións, etc.	• Realiza de xeito guiado esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.	• CCL • CD • CAA
• b • g	• B5.3. Reelaboración e personalización da información.	• B5.3. Estructurar mediante un guión textos propios, expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida.	• Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida, seguindo modelos..	• CCL • CD • CAA
• b • e • g	• B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.	• B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de texto de forma autónoma.	• Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.	• CCL • CD • CAA
			• Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	• CCL • CD
• b • e	• B5.5. Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	• B5.5. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións	• . Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.	• CCL • CD

Aprender a investigar 4º de Primaria				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g		orais.	Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.	- CCL - CD - CAA
- a - g - j	B5.6. Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.).	B5.6. Coñecer e empregar correctamente unhas pautas polas que se rexe a forma de citar diferentes fontes.	Cita con corrección os libros consultados.	- CAA - CSC - CCEC
- b - g	B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).	B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.	Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	- CD - CCEC
- b - e	B5.8. Características dos textos dixitais eficaces.	B5.8. Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.)	Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	- CCL - CD
- b - e	5.9. Exposicións orais dos traballos realizados. Escoita atenta e respecto polo traballo das demais persoas.	B5.9. Expor de forma ordenada e a partir dun guión previo o traballo realizado, argumentando as opinións propias de xeito razoable e con respecto polas pautas da comunicación grupal (escoita atenta, respecto pola opinión das outras persoas, quendas de palabra, etc.).	Participa na presentación oral dos traballos elaborados.	- CCL - CSIEE
			Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.	- CCL - CSC - CSIEE
			Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.	- CCL - CSC
- b - g	B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.	B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar consciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social.	Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.	- CAA - CSIEE
			Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.	- CAA - CSIEE
			Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.	- CAA - CSC
			Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.	- CAA - CSIEE